



ILUSTRE COLEXIO DE
AVOGADOS DE LUGO

MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA

CURSO 2021-2022

10ª EDICIÓN

(setembro de 2021 a febreiro de 2023)

**Máster oficial impartido pola Universidade de Santiago de Compostela
e o Ilustre Colexio de Avogados de Lugo**

GUÍA DOCENTE

MATERIA:
PRÁCTICA XURÍDICA ADMINISTRATIVA I

Módulo II:
PRÁCTICA XURÍDICA

I. CALENDARIO XERAL

NOVEMBRO 2021					DECEMBRO 2021				
L	M	M	X	V	L	M	M	X	V
							01	02	03
			25	26					
29	30								

II. DATOS XERAIS DA MATERIA

- *Código:* P3351110
- *Nome:* Práctica Xurídica Administrativo I
- *Ano académico:* 2021/ 2022
- *Créditos:* 3
- *Carácter:* obrigatoria
- *Convocatoria:* primeiro semestre
- *Grupo:* único

III. PROFESORADO

- D. ALEJANDRO VILLANUEVA TURNES, *profesor cont. int. de Dº Administrativo (USC)*
- D. MANUEL LOUZA O ALDARIZ, *Xefe Asesoría Xurídica Concello de Lugo*

IV. CONTIDOS DA MATERIA

A información sobre os OBXECTIVOS *da* MATERIA, CONTIDOS, BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA, COMPETENCIAS, METODOLOXÍA DE ENSINANZA, SISTEMA DE AVALIACIÓN, TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL E RECOMENDACIÓN para o seu estudo pódese consultar na web da USC, na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-avogacia-lugo/20212022/practica-xuridica-administrativa-14755-14250-2-88098>

V. CALENDARIO DETALLADO

DÍA	HORARIO	MATERIAS	PROFESORADO
PRÁCTICA XURÍDICA ADMINISTRATIVA I			
25.11.2021	16:00 a 20:00 h	<p>Parte I. Procedemento administrativo.</p> <p>1. A normativa reguladora do procedemento administrativo: a) Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas; b) Principios xerais do procedemento administrativo.- 2. Os suxeitos do procedemento administrativo: especial referencia aos "interesados".- 3. Actos expresos e presuntos; a obrigación de resolver.- 4. Termos e prazos no procedemento. Anulabilidade e nulidade.- 5. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e finalización.- 6. Os recursos administrativos: Alzada, reposición e revisión.- 7. A administración electrónica.</p>	D. ALEJANDRO VILLANUEVA TURNES <i>(profesor universitario)</i>
26.11.2021	16:00 a 20:00 h	<p>Parte II. Procedemento administrativo sancionador.</p> <p>1. A potestade sancionadora da Administración. Fundamento constitucional e límites.- 2. Os principios de legalidade: reserva de lei e tipicidade. Transposición dos principios do dereito penal ao ámbito do dereito administrativo sancionador. Normativa reguladora: Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.- 3. O principio "non bis in idem". Prexudicialidade penal: efectos.- 4. Exercicio da potestade sancionadora. Exame da diversa normativa procedimental de aplicación. A caducidade do procedemento.- 5. A importancia da proba no procedemento administrativo sancionador.- 6. A responsabilidade e a culpabilidade das infraccións administrativas.- 7. Concepto, clases e gradación das sancións administrativas. Principio de proporcionalidade.- 8. A extinción das infraccións e as sancións administrativas.- 9. Garantías constitucionais no procedemento sancionador e a denuncia da súa infracción no procedemento administrativo.- 10. O principio "nulla pena sine iudicio" e a executoriedade dos actos sancionadores da Administración.</p>	D. ALEJANDRO VILLANUEVA TURNES <i>(profesor universitario)</i>
29.11.2021	16:00 a 20:00 h	<p>Parte III. A orde xurisdiccional contencioso-administrativa.</p> <p>1. Ámbito.- 2. Competencia obxectiva, funcional e territorial. Extensión: efectos. As cuestións prexudiciais e incidentais.- 3. Órganos xurisdiccionais.- 4. Partes: demandante, demandado e codemandados; capacidade, postulación e lexitimación.- 5. Obxecto: O carácter revisor do acto administrativo e a superación do carácter revisor. Actividade administrativa impugnabile. Pretensións. Acumulación. Contía.- 6. As medidas cautelares: Problemática e tramitación. A suspensión do acto recorrido e a caución.</p>	D. ALEJANDRO VILLANUEVA TURNES <i>(profesor universitario)</i>
30.11.2021	16:30 a 19:45 h	<p>Parte IV. Proceso administrativo (declarativo ordinario).</p> <p>1. Interposición. Prazos.- 2. Emprazamento aos interesados e admisión do recurso.- 3. Demanda, contestación e alegacións previas. Prazos: notificación electrónica, especial referencia ao seu cómputo.- 4. Proba.- 5. As opcións da fase final. Vista e conclusións.- 6. A terminación do procedemento: Sentenza (contido, extensión e límites); Outras formas de terminación (desistencia, conformidade coa demanda e conciliación).- 7. Taxas e custas procesuais.</p>	D. MANUEL LOUZAO ALDARIZ <i>(Xefe Asesoría Xurídica Concello de Lugo)</i>

01.12.2021	16:30 a 19:45 h	<p>Parte V. PROCESO ADMINISTRATIVO (abreviado e declarativos especiais).</p> <p>1. O procedemento abreviado: a) Ámbito; b) Particularidades procesuais respecto do proceso ordinario; c) A vista do procedemento abreviado.- 2. Os procedementos especiais: a) O procedemento para a protección dos dereitos fundamentais da persoa; b) Outros procedementos especiais: cuestión de ilegalidade, suspensión administrativa previa de acordos, extinción de partidos políticos, etc.</p>	<p>D. MANUEL LOUZAO ALDARIZ <i>(Xefe Asesoría Xurídica Concello de Lugo)</i></p>
02.12.2021	16:30 a 19:45 h	<p>Parte VI. Proceso administrativo (recursos).</p> <p>1. O sistema de recursos.- 2. Os recursos contra resolucións procesuais do Letrado da Administración de Xustiza.- 3. Os recursos contra providencias e autos interlocutorios.- 4. O recurso de apelación: a) Resolucións recorribles; b) Tramitación procedimental.- 5. O recurso de casación: a) Resolucións recorribles; b) Tramitación procedimental.- 6. O proceso de revisión: a) Resolucións revisables; b) Tramitación procedimental.</p>	<p>D. MANUEL LOUZAO ALDARIZ <i>(Xefe Asesoría Xurídica Concello de Lugo)</i></p>
03.12.2021	16:30 a 19:45 h	<p>Parte VII. Proceso administrativo.</p> <p>1. O papel da Administración e dos órganos xurisdiccionais na execución contencioso-administrativa.- 2. Execución voluntaria e execución forzosa.- 3. Incidentes: Suspensión, falta de execución, expropiación e imposibilidade de execución.- 4. As diferentes modalidades de execución: a) Sentenzas que condenan ao pago dunha cantidade líquida; b) Sentenzas que comportan obrigacións de facer.- 5. A extensión da execución e efectos da sentenza a suxeitos que non foron parte no proceso.</p>	<p>D. MANUEL LOUZAO ALDARIZ <i>(Xefe Asesoría Xurídica Concello de Lugo)</i></p>